

# **Sinfonía nº 83 en Sol menor**

---

## **“A galiña”**

---



Lucía Alcalde Lorenzo

## DATOS TÉCNICOS:

**Título completo:** Sinfonía nº 83 en Sol menor, “A galiña” 1º movemento (Allegro spitoso)

**Autor:** Franz Joseph Haydn

**Ano de composición:** 1785; foi publicada no 1787

**Período musical:** Clasicismo

**Forma musical:** Sinfonía. Esta forma trátase dunha gran sonata para orquestra, polo que segue a forma de sonata. Ao tocar máis dun instrumento, a forma adoita ser máis complexa ca a da sonata.

**Funcionalidade:** Disfrute da música

**Versión escoitada:** <https://www.youtube.com/watch?v=DMP2nA0tCoE> (ata o 7' 27'')

## BIOGRAFÍA DO AUTOR: **FRANZ JOSEPH HAYDN** (1732-1809)

Nace en Rohrau (Austria) 1732 e morre en Viena en 1809, aos 77 anos. Foi un compositor e é un dos máximos do Clasicismo. Tamén é coñecido como o “Pai da sinfonía” e o “Pai do cuarteto de corda” polas súas importantes contribucións a ambos xéneros. Tamén colaborou no desenvolvemento instrumental do trío con piano e na evolución da forma sonata.

Recibeu as primeiras leccións musicais por parte de seu pai e en 1754 entrou a traballar no coro da Catedral de Viena. Tamén adquiriu coñecementos musicais.

Viveu toda a súa vida en Viena e desenvolveu gran parte da súa carreira como músico de corte para a corte de Esterházy (desde 1761). Tiña ao seu cargo a dirección das melloras orquestras de Europa para as que compuxo.

En 1790 viaxou a Londres onde deu a coñecer as súas 12 últimas sinfonías e tamén escoitou orquestras. Tamén compuxo as súas seis

últimas Misas para o novo príncipe de Esterházy e máis tarde, nos seus

últimos anos de vida viviu en Viena



Sempre intentou ser orixinal, non quería seguir as tendencias musicais doutros compositores e cando morreu, era un dos compositores máis célebres de Europa.

Irmáns: Michael (compositor) e Johann Evangelist (tenor). Foi moi amigo de Mozart (do que se cree incluso que chegou a ser mentor) e profesor de Beethoven.

**Catálogo Hoboken:** sistema de ordenación creado por Anthony van Hoboken onde se recolleron as obras do compositor.



# **ANÁLISE MUSICAL:**

---

**Melodía:** equilibrada, sen adornos e con frases simétricas.

**Ritmo:** compases de 4/4. Regular e sinxelo.

**Textura:** a maioría é melodía acompañada pero creo que tamén se poden apreciar certas seccións contrapuntísticas.

**Harmonía:** a súa tonalidade é Sol menor. Ás veces, prodúcese unha transición na que a Exposición modula de Sol menor a Si  $\flat$  maior.

**Timbres:** gaña grande importancia o acompañamento da orquestra. Destacan os violíns.

**Dinámica:** contrastes entre o son piano e forte. Ás veces prodúcese cambios repentinos que marcan así tamén a transmisión das sensacións dentro da melodía.

**Forma:** sinfonía, unha das formas claves do Clasicismo. É unha derivación da forma sonata, polo que segue o seu esquema. Aínda así, na sinfonía participa a orquestra.

### 1ª PARTE

- 0

movemento abre directamente coa exposición (A) do primeiro tema, polo que non existe unha introdución. Neste tema participa o tutti orquestral e divídese en dous “períodos”, xa que a segunda frase é unha derivación da primeira (A’). É un tema de gran vigor, impetuoso.

- Prodúcese unha transición (ponte) cara un segundo tema. É breve e xubiloso.
- Xorde o segundo tema cunha voz menos poderosa e un tono case “galante”. É moi notable o contraste que se produce entre este tema e o primeiro. Ten incluso un tono un tanto quebrado. É necesario este contraste para unha estrutura bitemática coma esta. Este segundo tema tamén ten dúas frases, onde na segunda entra un obóe que dá un vago carácter de “picoteo”, o que dou pé ao sobrenome de “A Galiña”.
- Aparece unha coda que o que vai facer é cerrar este primeiro tramo da exposición. Tamén destaca porque é breve e concisa e precisa así unha repetición literal.

## 2ª PARTE

- Iníciase o desenvolvemento (B): breve e conciso. Inicialmente soa unha versión reducida do primeiro tema (a), logo unha versión levemente variada do segundo (b) e a partir de ahí yuxtapóñense e superpóñense o 2º período do primeiro tema co rítmico motivo oclusivo (c).

Este efecto é para densificar o material sonoro e poder chegar a un punto culminante. O tempo detense pouco a pouco ás veces para proceder a uns compases de relaxación trala tensión acumulada.

- Isto dá paso a reexposición (A'): unha sección moi similar e moi sinxela de seguir.

## 3ª PARTE

- E aquí comeza a coda (C): breve e contundente que denota como se pecha o movemento de forma contundente.

Podemos dicir que Haydn sentou ben as bases da súa melodía.

## OPINIÓN CRÍTICA:

- Si cumpre a súa funcionalidade, xa que é simplemente unha melodía composta para o seu disfrute. Ademais, e entretida e bonita, motivo polo que tamén é ben recordada, analizada e interpretada nos nosos días.

-Logra tamén que se poida desfrutar da música, seguir a súa estrutura, ben diferenciada, e denotar o oboe que dá o sobrenome á peza "A Galiña", xa que si que eres capaz de identificar o son co cacarexo dunha galiña. Paréceme unha peza bonita e ben realizada, e gustoume traballala xa que non a coñecía de antes.